

# Snak, snak, snak

GUSTAVO PERNAS CORA

Dramaturgo, actor e director teatral

*Snakizados* é o último dos meus logomonos e agocha unha reflexión sobre as linguas feridas, a nosa propia lingua, sobre a linguaxe en xeral, sobre a perda de sentido das palabras e do mundo, a palabra e o sentido en perigo de extinción.

Imaxinei un monte de cascallos despois da gran deflagración nuclear, unha terra devastada en que se acumulan miles de refugallos. De repente hai un estrondo de forzas telúricas, da boca do volcán está a piques de ser expulsado un novo ser. O que asoma é un monstro feito de anacos diversos que se resiste a nacer.

En *Snakizados*, a linguaxe forma parte da raíz mesma do conflito do personaxe. Nonhé, que así se chamaría de ter algún nome, non é un home, é coma a arca despois do diluvio, un conxunto de especies pero nun único corpo. A «magma» terra empúxao a ser pero a parte humana do nacente négase a saír a un exterior desolado, radioactivo, do que el mesmo é o froito máis patético e esperpéntico. Ese ser híbrido, feito de anacos de bestas, león e loba, mono, anxo ou galiña, ciborg ou pedra, intenta recompoñer un pensamento, un discurso, pero o léxico e a gramática están demasiado deteriorados despois da deflagración atómica. A lingua quedou atomizada en fragmentos irrecoñecibles. O novo espécime ouvea, roxe, cacarexa, manifesta instintivamente as súas necesidades anímicas, afectivas, sexuais, pero albíscase con moita dificultade a palabra articulada. É como un neno que debe aprender a falar na soidade dun mundo hostil, unha voz humana que loita nun corpo monstruoso cos restos doutras especies que non precisan como el da linguaxe para dotar de sentido a súa existencia. Ese fragmento de home debe loitar coas bestas para controlar e rexer o corpo polimorfo. Porén, a condición humana

do individuo está anulada se non intenta recuperar o verbo. Debe comezar desde o principio, nomear os obxectos, a contorna, construír unha sintaxe axeitada para que flúa o pensamento.

A destrución foi doada, pero reconstruír, recompoñer esas pezas de humanidade é un obxectivo que semella inacadable. Memoria e lingua son as aliadas do ser transversal que apunta formas humanas. Semella que Nonhé nace dunha morte anterior, é un ser «contaminado» por unha cultura e unhas experiencias propias, un ser que almacena nalgún lugar do seu cerebro imaxes e pensamentos que abrollan inopinadamente. Nonhé precisa da memoria para revivir o seu pasado recente, precisa da palabra para comprender a súa situación extrema. E memoria e lingua serán tamén as ferramentas que utilizará para recuperar do naufraxio restos da cultura a que pertenceu, para tomar conciencia diante do baleiro que o rodea e se cadra para proxectarse nun futuro que semella plusquam imperfecto.

A palabra é aquí material de construción. Albanel ou arquitecto, o personaxe vai unindo as verbas como xunta ladrillos o obreiro, vai estruturando espazo e tempo como un arquitecto sobre un solar baleiro. A estrutura por forza non ha ser recta nin o discurso lineal. O dramaturgo só ten que servir, prestar a técnica, para que se produza o milagre, prestarlle unha palabra que escintila, deturpada, esnaquizada, detrás da que se advirte unha lingua, un idioma e con eles a esperanza da reconstrución. Pero velaquí onde reside a cerna do seu conflito: Nonhé será, se nace, o único supervivente sobre a terra, non hai outro onde recoñecerse, a onde dirixir o seu desexo, nin sequera hai un lugar onde, como Robinson, poida refacer a súa vida. Para que nacer entón, para que unha conciencia? Para que unha lingua, unha linguaxe que xa non serve para comunicarse? A linguaxe vólvese contra el, atrápa, encérrao en neboeiros de contradicións. Por momentos cederá na loita do *ser ou non ser* e renegará da linguaxe que ameaza con definilo, entón apoderaranse do corpo a líbido do mono e os instintos das bestas e gañará o bruar, a voz inarticulada da onomatopea.

Nestas circunstancias a linguaxe xorde dun caos onde afloran como nun palimpsesto intertextos, anacos doutras voces, estrañas conxugacións de tempos, asociacións de imaxes e palabras que ancoran, relevan, derivan ou multiplican os significados... É precisa máis que nunca a forza do contexto porque o aquí e agora, a inmediatez do acontecer, marcarán un camiño tortuoso, labiríntico... *Snakizados* é un campo de batalla gramatical, onde as palabras se confrontan ou alían, onde se compoñen e recompoñen creando varios sentidos, unha viaxe desde a nosa lingua a outras linguas, unha encrucillada onde experimentar e xogar como nenos ou como adultos

no transo de reaprender a propia fala, de desartellar, para logo volver a montalo, o xoguete lingüístico.

Linguaxe, ás veces surreal, ás veces dadaísta, ou *aléfica*, as referencias son moitas e diversos os precedentes: Tzara, Joyce, Borges, Swift, Carroll, palabras ao outro lado do espello. O texto está salferido de aliteracións, oxímoros, sinécdoques, metonimias e, por suposto, a metáfora, a figura literaria que sempre é a protagonista máis eficaz do drama. A linguaxe mesma é a metáfora do drama da deconstrución nun tempo de palabras rotas, manipuladas e baleiradas de sentido. É así como a lingua se amosa á fin como matriz e matraz de ensaio, como *work in progress*, como proceso que nos convida, nun *feedback* continuo, a andar e desandar polo vocabulario, a poñer en valor a materia e o magma lingüístico. E para iso precisa dunha participación lúdica e imaxinativa por parte do espectador que dará forma e significado ao verbo ambiguo do personaxe que se expresa a golpe de tuiteos, enguedellado na espiral da linguaxe, como un novo Sexismundo famento de soños, un ser que reclama comprensión e, xa que logo, unha dose de empatía.

Palabras con sentido, consentidas ou sensentido, perseguidas. Palabras epifánicas, eufónicas, onomatopeicas ou onanistas. Palabras subtexto, subvertidas, diversas e divertidas. Palabras que nacen con raíces minerais, vexetais ou animais e derivan en voces imposibles. Neoloxismos para unha lingua en recesión. Linguaxe complexa para uns tempos onde a comunicación é sinónimo de tecnoloxía pero a tecnoloxía comunica unha linguaxe empobrecida. Linguaxe oral, linguaxe escrita, velaquí o conflito constante do teatro, que transcrición é a idónea? Teatro como lingua viva. Fonética como xogo máis alá dos xogos e os equívocos das palabras. Está madura a nosa lingua, artefacto ou artificio, para xogar con ela á construción e deconstrución dun *puzzle* onde xuntar os fragmentos? Ou a ortodoxia deixará caer a súa espada flamíxera sobre os neófitos sacrílegos? Considerarase un ataque á pureza da lingua o que pretende ancorar no cerne mesmo dela, no específico e intraducible? Axudará á minorización ou abrirá perspectivas para unha expansión necesaria? Censurará a normalización lingüística os novos rexistros ou escaparán estas ficcións do seu realismo pragmático? Estamos maduros os galegofalantes e os galegoescribentes para *finnegansear* un anaco?

Poética teatral, a palabra como maleficio ou como beneficio? Como amuleto ou talismán, palabra suficiente para sandar? Palabras escritas na vertical do drama. E o teatro na encrucillada, entre a cultura e o mercado, entre o ocio e o entretemento. *Snakizados* aposta polo xogo, pola busca e a experimentación, pola diversión a través das palabras da nosa propia lingua, que son ventás abertas a un fantástico

universo, por situarnos na fronteira entre o drama e o posdrama. Pero máis alá das contradicións de Nonhé como personaxe, xorde a pregunta de se ten algún sentido este teatro de risco, de necesidades atléticas por parte do actor para a súa representación e de raquílica promoción nun país como o noso, recortado, sucursalizado e humillado. Non só é Nonhé o que se pregunta: hai vida ao outro lado?

Porén o optimismo radica na risa, sempre a risa como auténtico antídoto para exorcizar vellos dramas e posdramas.

O resto non é silencio, o resto tamén é linguaxe.

É para ilustrar estas ideas velaquí algúns exemplos onde se poderán recoñecer, ou non, entre outros, anacos de Elliot, Rosalía de Castro, Cernuda, Descartes, Avilés de Taramancos, Pink Floyd, Lorca, Tournier, García Calvo, Cunqueiro, *Blade Runner*, Huidobro e clases de animacións en 3D. Pero comecemos coa voz sincopada da que deriva *Snakizados*, unha obra construída a forza de petar nas portas do ceo coa melodía de Dylan, *Knocking on heaven's door*.

*Snak, snak, snak...Doeu.... Doe o eu. Eu son, son, son, sono.*

.....

*Magmá! Magmalón!*

.....

*Coito ergo non sum.*

.....

*Aterra pensar que a terra vai dar a luz.*

.....

*Que resaca de vivida teño!*

.....

Non escoitaches o parte? Non viches na *telele* como caían as altas torres de cris, cras, cristal como coito, tal como escoitas ti.

.....

Estou só? Eu?, *eunico* no territorio dos estremecementos?

.....

Anacos de versos, perversos anacos...Ponme ollos *priasmáticos* para divisar os anacos nos que nos convertemos ao caer o ceo raso da urbe.

.....

Tan, tan, tan...Tambores de lavadoras que centrifugan ausencias.

.....

Móbiles de crimes horrendos, telefónicos de chamadas perdidas.

.....

*Aipad, aipod, aifón, aibuk, aipuff! Tuit, tuit, tuiteos* en sabas de amores imposibles.

.....

*Anacoondas* do que fun fun fundidas co wolfram dos canóns. Maidei, maidei, nacer non quero entrar outra vez neste escenario de dementes!

.....

Quen é o meu parará parará papá? Seguro que o divino. Levaba un ollo metido nun triángulo *isoscelestes*? Levaba na cabeza pombas fúnebres?

.....

Botaranlle as culpas a *belcebuá* neno, o do dark side of the *mun*.

.....

*Orfonauta* serei! Déixame soñarme fillo de venres xerminando heliotropos nos limbos do pacífico.

.....

Practica unha *orafelación* por min.

.....

Que vou facer no *mundicio*?

.....

Quen me presta un *anxolítico* para o *rivaival*?

.....

Esa besta que me esgaza Gaza no terceiro espazo intercostal.

.....

Quere botar a *correr* ou non se correr.

.....

Auuuú, auuuuú! Non entendo o meu *idiomanimal*. Onde están as palabras que domen este ruxerruxe? Ar, ar, ar! Animal *racioanal*?

.....

Nacendo, *endo*, *ndo*, Ndongo cazando gacelas sen nome polos prados da verde África.

.....

Cacaracacacacacacá! Grrrrrr! Xa non hai presas, non hai présas para nada.

.....

Cava, cava, cábala, can. *Nevermor!* Agarda, vella terra, que pasen as correntes apestadas.

.....

Os accidentes xeolóxicos onde morren volcáns que ladran a lúas combustibles.

.....

Un home só na praza de Tianamen fronte a un sunami de ruído e furia.

.....

Unha muller deshabitada que pronuncia o meu *non nome*.

.....

A heap of *bro bro* broken images.

.....

Todo se perderá como lágrimas na chuvia aceda.

.....

Cun rifle automa, toma, toma, queres máis?

.....

*Anxotomático* da garda doce compañía, onde carallo te metiches, non ves ou non ves que vou ou non vou pa fóra?

.....

Cabaleiro tris tras tres veces negarasme pedra.

.....

Se me cernas antes de nacer non aniñarán paxaros na miña *testaosamenta*.

.....

Déixame alcanzar o teu duodeno sen ariadnas para fabular de lumes.

.....

Chamade os políticos, que recollan os anacos do que fomos, que fagan unha lei orgánica!

.....

Dame glándulas lacrimais ou menos o que che estou dicindo é que quero cho cho chocho cho chorar pero non me sae.

.....

Non quero eu inventar ríos, estanques onde mirarme *circunnarciso*. Se acaso ponme nas guatas das ombreiras *retroavisadores* da traizón. Sempre hai alguén que axexa nas horas mornas.

.....

O barbibranco agromou un paraíso e ti ofréceme esta *land baldía*, the was *waste leira*. Chámame pá dentro onde a calor me derrita. Quen plantou o meu cadáver.

.....

Quen felorou por min a bocas cheas mentres río de sangue nas folladelas?... Ai!, Que se me enganchan os tetos nos teus labios maiores de cuarzo, feldespató e mica. Estas tetas tan máis secas que as da *esfinxeroglífico*, animal que anda a tres patas de neno, dous de adulto e tres de vello... Ai, si, téñoa na puta da lingua.

.....

Non me quero chamar Adán, non é un *non nome apropiadoso* para min, esa historia xa a coñezo e non remata, mata, mata, dálle ben!

.....



É moi longa e non teño témporas nin órganos *axenitados* para reproducilas en soportes dixitais.

.....

Que lume teño nos *intestículos* que me arde como Prometeo encadeado de palabras que non acerto a descifrar?

.....

Que chamen un electricista que me aprenda cal é a toma de terra, onde derivan os polos, como podo *empalamarme*, como multiaplacarme se nin sequera me queres dar gu gus gústasme Dora, presentadora loira dando a nova da fin de partida en dúas e aínda así mira como sorrí a moi maciza.

.....

Ai, como me pon o teu sorriso de barbi, de barbi, de barbitúrica!

.....

Un corpaso a paso voume achegando a ti.

.....

Trae o *viagrario* para rezar pornobis os misterios *pornogozosos*.

.....

Se acaso teño padriño dille que me poña *Nonhé* porque non vou ser o nacido re mi, non ser ou non vou ser?

.....

Que non me obriguen a inventar un *papapamóbil* para espallar a avoa nova, corvo branco, oxímoro, ai, que medo dá o nevermor e o beguin de beguin.

.....

E cococonciuiu por obra e graza do *espipipipillame* unha de zorza.

.....

Queres poñerme a proba, pois fai un caldo coas miñas ás de galiña para que durma consomé insomne soñando nadas de seda para sempre.

.....

En que código de barras quedarei presa? Ponme eyes, *ais*, ollos de selva para rozar este deserto.

.....

*Lamúr etan uasó rebel...* Que me din do amor?, preguntaba Euxenio inxenuo fronte a un *pelotonto* de fusi ou non, si ou nonsi me quere?

.....

Abórtame xa neste instante proteico antes de que a linguaxe poña as súas trampas para convencerme de que ten algún sentido este camiño a ritmo de trompetas, petas, petas... Snak, nak, nak... Abride as portas do ceo!

.....

Lémbero anxos exterminadores con botas militares, ares, *ares*, deus da guerra, ea, ea, ea... Durme non queda nada!

.....

Non me sobran *palabracadabras* para mentir, gárdoas todas para dicir as verdades do trigo.

Aférrate á pedra non deixes que o vento leve as verdes palabras onde paxe o *conrazón*.

.....

A miña lingua como un cravo fu fu fu furando no vórtice do inmundo... Alicerce, aura, vagalume, amigo... Verbas que se mexen no baleiro... Rula, lóstrego, balandro, luscofusco, laiovento... Para que serven agora?

.....

Eu, mi, ai, yo, xe di, io parlo, ich spreche, ai sei, sei, sei, ai falo... Outra vez Babel!  
Hai algunha *acacademia* de garda para desaprender este torrente de linguas?...  
Sóbranme dicionarios para dicir a, o, i... eu!

.....

Puagh! Atragóanseme na gorxa cracks, brokers, ibex, daunllóns, nikkei, gual *es-  
tritis*... Pu, pu, putas primas de risco!

.....

Acouga hidra voraz das especucucurrucú cantaba, das *especuculacións*.

.....

Estamos no tempo do tequele tequele, comeza a conta atrás da desmemoria

.....

En que día da semana estamos para mirar o horario da *creacción*?

.....

Quen conxuga o futuro á hora da *desorribonuclearidosomización*? Tócame outra  
vez *Sam Tiago*, alumea o meu camiño, intercede por min no ronsel do vento.

.....

Atoparei nos *paradais* fiscais o *culpable* que a man tentas atentou *contragadeiras*  
hai que ter para tanta *mentira pá baixo*, non cuspas parriba, *magmaíña*, que che vai  
caer encima máis chuvia aceda da que papaches antes da *ración de flag* e despois  
non che quero nin contar.

.....

Dóeme na *cocórnea* este lume que me queima nas *entrarañas* do centro, da cerna,  
nacer, na, na de na.

.....

Chist! Escoita... Ese murmurio de pedras entre as ortigas... Silencio... *Son, son, son of man*... Fillo de home, que pólas medrarán? Naig!, aig, aghh! Non, non quero florecer en abril, de cruelest monz... A miña árbore apunta seca.

.....

Non ves os neboeiros radioactivos que veñen cajando ostias pola *horizontal* como o escoitas.

.....

Yésica, como se di a chave en inglés? *A kei*? Pois iso, levade a *kei* da *roooum* que van caer chuzos en punta.

.....

Fixeches a *amnesiocentese*, vella terra?

.....

Non, agarda, péchate, nai paridora... Non deixes ningún buratiño aberto. Magmá, cerra a túa *xeovaxina*. Acólleme no teu mapa de sombras.

.....

Ábrete *conanai* volcánica!

.....

Sei que non escoitas o meu membro insomne petando no teu cristal de *plasmama*, nena?

.....

Ai can not! Non teño *conactividade*, cáeseme a rede... Que me traian un manual de instrucións para ser ou non ser. Ruído. Neve. Fóra!

.....

Es ti anxo *caícarocaído*? Alelú, alelú, alelulá, non entendo a túa fala *concomutante* son! A cantos quilómetros de aquí queda a alma?

.....

Arca sen anxo son. Afinade os violíns por se hai algo que *ceolembrar*!

.....

Expúlsame do teu ventre dunha puu, pu, puta que pariu. Ui, doe, doe a dous, a deus, a god, a deus que te criou!

.....

Así, lúcido de sombras, naaaig! Pon o *control Z en infinito*. Desmórreme, desmemóriame de todo! Caen as letras do que fun, quedan as *céfiras*.

En Santa Icíá, 16 de novembro de 2013

*Snakizados* foi estreada a 27 de setembro de 2012 no teatro Rosalía Castro da Coruña, pola cía. Ancora Producións, baixo a dirección de Anxela G. Abalo, con luces de Miguel Soto, banda sonora de Michal Kamac, imaxes de Olaia Sendón e interpretación de Gustavo Pernas Cora. A obra foi publicada pola editorial Laiomento en 2011, xunto con *Colgados* e *Pisados*, baixo o título: *Tres Logomonos*.

**Lingua e Teatro**  
X Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Carlos Caetano Biscainho Fernandes  
e Xosé Ramón Freixeiro Mato

A Coruña 2014

Servizo de Normalización Lingüística  
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Teatro. X Xornadas sobre Lingua e Usos  
Edición a cargo de Carlos Caetano Biscainho Fernandes e Xosé Ramón Freixeiro Mato  
A Coruña, 2014  
Universidade da Coruña  
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións  
Entidade colaboradora: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia  
Cursos\_Congresos\_Simposios, núm. 135

196 páxinas  
17 x 24 cm.  
Índice: páxinas 5-6

ISBN: 978-84-9749-588-2  
Depósito legal: C 916-2014  
Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

#### Edición:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes  
Xosé Ramón Freixeiro Mato

Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións  
<http://www.udc.es/snl>  
<http://www.udc.es/publicaciones>

Universidade da Coruña

#### Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,  
36818 A Portela, Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.  
Fax: 986 404 935. Correo electrónico: [pedimentos@coegal.com](mailto:pedimentos@coegal.com)

España: BREOGÁN. C/ Lanuza 11, 28022 Madrid. Tel. 917 259 072.  
Fax: 917 130 631. Correo electrónico: [webmaster@breogan.org](mailto:webmaster@breogan.org)  
<http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo  
Imprime: Lugami Artes Gráficas



Este volume está ao teu dispor baixo os termos dunha licenza Creative Commons de recoñecemento, non-comercial, sen obras derivadas 3.0 sen adaptar.

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.pt>